

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 3 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) e tramitadas como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE209G).

BDNS (Identif.): 883230.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/883230>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións as confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, as organizacións de produtores, as cooperativas, as asociacións profesionais de persoas pescadoras e mariscadoras e as asociacións profesionais de redeiras que realicen os investimentos e gastos que se consideren subvencionables. As entidades serán sen ánimo de lucro e deben ter un ámbito territorial que inclúa a Comunidade Autónoma de Galicia e sede social nela.

Segundo. *Finalidade*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos que modernicen as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático, cofinan-



ciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) e tramitada como expediente anticipado de gasto.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 3 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a modernización e a mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa) e tramitadas como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE209G).

Cuarto. *Importe*

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio 2026 e a plurianualidade asociada alcanza o importe de dez millóns de euros (10.000.000,00 de euros), con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.514A.781.0, código de proxecto 2023 178, repartidos nas seguintes anualidades:

Ano 2026	Ano 2027	Total
7.500.000,00 €	2.500.000,00 €	10.000.000,00 €

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2026

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

